



Servizo de Sanidade Ambiental

Asunto	SOLICITUDE DE INFORME NO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL
Proxecto	PARQUE EÓLICO SERRA DO FURCO
Promotor	ENEL GREEN POWER ESPAÑA, S.L.
Localización	CONCELLO DE BECERREÁ
Expediente	IN408A 2020 087
Informe	EOL_IN408A 2020 087_1bis

SOLICITANTE: Servicio de Enerxía e Minas de Lugo da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación.

FEITOS :

o Servicio de Enerxía e Minas de Lugo da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación con data 15/09/2022 e número de rexistro de entrada 2022/1835460, presenta unha solicitude de informe, en relación ao estudo de impacto ambiental do proxecto de referencia.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

1. Solicitude de informe ao amparo do artigo 37.2 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, no procedemento de consultas ás Administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas.

2. Na elaboración do presente informe tense utilizado de forma ampla entre outra a seguinte documentación:

- La salud en la evaluación de impactos ambientales. Guía metodológica. Sociedad Española de Sanidad Ambiental (SESA). 2011.
- Modificación do Plan Sectorial Eólico de Galicia. 2002.
- Recomendación do Consello 1999/519/CE, de 12 de xullo de 1999, relativa á exposición do público en xeral a campos electromagnéticos.
- Guías sobre medio ambiente, salud y seguridad para la transmisión y distribución de electricidad. Corporación Financiera Internacional (IFC) – Grupo del Banco Mundial. 2007.



- Guías sobre medio ambiente, salud y seguridad para la energía eólica. Corporación Financiera Internacional (IFC) – Grupo del Banco Mundial. 2015.
- International Legislation and Regulations for Wind Turbine Shadow Flicker Impact. 7th International Conference on Wind Turbine Noise. Rotterdam – 2nd to 5th May 2017.
- Guía técnica de Alemaña "Hinweise zur Ermittlung und Beurteilung der optischen Immissionen von Windenergieanlagen (WEA-Schattenwurf-Hinweise. Federal/State Working Group for Immission Control (LAI), Notes on the determination and evaluation of optical immissions from wind turbines – (January 23, 2020).
- Acuerdo para la gestión integral del uso del SF6 en la industria eléctrica más respetuosa con el medio ambiente representados por AFBEL, las compañías de transporte y distribución de energía eléctrica representadas por REE y UNESA y los gestores autorizados residuos de gas SF6 y de equipos que lo contienen, para una gestión integral del uso del SF6 en la industria eléctrica más respetuosa con el medio ambiente. 2015-2020.
- Real Decreto 140/2003, do 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano.
- Real decreto 865/2003, do 4 de xullo, polo que se establecen os criterios hixiénico-sanitarios para a prevención e o control da lexiónelose.

ANTECEDENTES

O presente informe realízase avaliando se, no estudo, se tiveron en conta, se identificaron e se valoraron os posibles impactos no medio ambiente que, segundo a evidencia científica dispoñible, puidesen ter unha repercusión na saúde humana.

É importante ter en conta que a presenza dunha fonte contaminante non é suficiente para que exista un risco para a saúde, xa que para iso ten que haber unha vía de exposición completa é dicir, unha fonte, medios ambientais e mecanismos de transporte, un punto e a vía de exposición e unha poboación receptora.





Así mesmo, o proxecto sometido a estudo é unha actividade regulada por un procedemento xeral de autorización recollido nunha normativa específica co obxecto de avaliar que a súa construción se realice co menor custo ambiental posible, establecendo mecanismos para o control e vixilancia durante as fases de construción, explotación e abandono. Polo que de cumprirse os estándares establecidos deberíase de asegurar a ausencia de efectos significativos sobre a saúde das persoas.

A avaliación do posible impacto do proxecto na saúde humana, a través do medio ambiente, realízase por tanto nas seguintes fases:

- Caracterización da poboación en situación de risco.
- Determinación dos potenciais perigos.
- Identificación das posibles vías de exposición.

No seu caso, a avaliación poderá incluír a necesidade de medición da exposición específica da poboación a algunha posible fonte contaminante ou da necesidade do deseño dun estudo de avaliación de risco para a saúde do proxecto.

O presente informe realízase sobre a documentación achegada sen prexuízo de que unha vez coñecidas as alegacións das demais administracións públicas afectadas, público ou persoas interesadas que se podan presentar se tivera que ampliar ou modificar o alcance da avaliación.

AVALIACIÓN

1.- Caracterización da poboación en situación de risco

Refírese que o Parque Eólico Serra do Furco localízase no municipio de Becerreá, provincia de Lugo, na área de desenvolvemento eólico Becerreá-Paradela incluída no Plan Eólico de Galicia.

O acceso ao parque eólico proxéctase con dous accesos desde a estrada DP-07-08. Non se fai unha descrición sobre aspectos necesarios para a caracterización das poboacións próximas en relación con poboación usuaria ou residentes en establecementos máis vulnerables (centros escolares, centros sociais, residencia de persoas maiores, centros asistenciais sanitarios, etc).





Da revisión dos mapas e datos que se incorporan ao proxecto e dunha valoración non exhaustiva empregando o programa QGIS, no que se empregan os mapas do Plan Nacional de Ortografía Aérea PNOA e do catastro, compróbase que a vivenda máis próxima atópase en Saa a unha distancia de 640 m do aeroxerador SF07.

Na contorna do proxecto e a menos de 1700 m dos aeroxeradores, identifícanse edificacións consideradas residenciais nos núcleos potencialmente afectados que son: Cadoalla, O Vilar de Frades, Ouselle, Sarceada, Arco, O Curro, San Pedro de Mera, Saa, A Lagúa, Casar, O Cereixal, Nantín...

1.2. Acceso as instalacións

Refiren que a subestación disporá dun recinto valado.

2.-Determinación dos potenciais perigos

Neste apartado realízase una identificación dos principais perigos potenciais asociados a esta actividade recollidos na bibliografía consultada e a comprobación de se se teñen avaliado no estudio.

a) Contaminantes atmosféricos

- Emisión de po e partículas.
- Emisión de gases: gases dos motores dos vehículos e da maquinaria e hexafluoruro de xofre (SF₆).
- Ruído e vibracións orixinados por escavacións, movemento de camiós e maquinaria, voaduras puntuais, construción das infraestruturas e funcionamento das turbinas eólicas.
- Campos electromagnéticos.
- Parpadeo de sombras (Shadow Flicker).

b) Augas

c) Contaminantes do chan

- Residuos perigosos e non perigosos
- Uso de produtos perigosos nas instalacións e no mantemento das mesmas, e os residuos xerados na súa eliminación, entre outros: aceites minerais, combustibles, fitosanitarios (herbicidas), biocidas (protectores da madeira), etc.





d) Axentes biolóxicos

- Lexionella
- Pragmas e vectores

3.- Identificación das posibles vías de exposición

Neste apartado valórase se se identifican adecuadamente as posibles vías de exposición ou transmisión así como a existencia de medidas construtivas ou correctoras para interromper a dita exposición.

3.1 Aire

Considérase no documento que o impacto na alteración da calidade do aire será negativo inda que non vai a ser significativo, sendo este impacto durante a fase de construción, explotación e desmantelamento do parque.

3.1.1 Emisións de po e partículas

Identifícanse emisións de po e partículas na fase de obra e abandono como consecuencia da obra civil (como movementos de terras asociados a execución de viais, plataformas e cimentación de aeroxeradores e subestación, así como transportes asociados ao proceso construtivo) e da circulación de vehículos.

Refírense medidas protectoras e protocolo de vixilancia e seguimento ambiental ao respecto, como por exemplo regos, control dos accesos utilizados para o tránsito de maquinaria e vehículos de obra, limitación da velocidade máxima dos vehículos en obra a 30 km/h ou que os camións de transporte de materiais ou terras estarán cubertos con lonas.

Indícanse que os movementos de terra reduciñanse ao mínimo imprescindible, moderándose así as partículas en suspensión a xerar.

Non refírese a execución de voaduras. De facerse, indícanse as afectacións de niveis sonoros e as medidas correctoras e protectoras.





3.1.2 Emisións de gases

Identifícanse emisións de gases de combustión dos motores de vehículos e maquinaria durante a fase de obra debido ao tráfico na zona. Refírense medidas protectoras e protocolo de vixilancia e seguimento ambiental a través dun control periódico de inspeccións técnicas.

En canto as sinerxias con outros parques eólicos na contorna, indícase que a posibilidade de que coincidan temporalmente as súas construcións é moi baixa. A mínima distancia cun deles é de 1,6 km ("PE Chao do Marco"). Indícase que non se prevé un aumento nos niveis de inmisión de gases e partículas por efecto sinérxico ou acumulativo, consideran o impacto non significativo. Indican que os movementos de terra reduciranse ao mínimo imprescindible, moderándose así as partículas en suspensión a xerar.

Non refírense o emprego de gases illantes como o hexafluoruro de xofre (SF_6), gas sintético e inerte que se emprega nos sistemas eléctricos do parque (celas de protección, interruptores, etc), non recollendo, de ser o caso, recomendacións e medidas de xestión que se contemplan nos estándares internacionais ao respecto, de xeito que se eviten ou minimicen as súas emisións, en especial, na carga e descarga dos equipos que o empregan.

3.1.3 Ruído e vibración

Indícase que na contorna do proxecto existen na actualidade como fontes acústicas as que están relacionadas co fluxo de vehículos, principalmente das vías A-6, LU-0708, LU-0701, LU-0704 e N-VI, así como as relacionadas coa propia actividade dos aeroxeradores.

Indícase unha estimación teórica dos niveis de presión sonora (NPS) durante a fase de construción. No caso máis desfavorable, será de 105 dB a unha distancia de 1 m. Segundo o cálculo realizado, o ruído decrece por debaixo de valores de 50 dB a unha distancia de 600 m. Sinálase que o núcleo de poboación máis próximo é Saa do aeroxerador SF07. Sinálase que non é de esperar que os niveis sonoros sobrepasen os



limiares de protección establecidos na lexislación, considerando o impacto como compatible.

Preséntase un estudo preoperacional (adxunto en Anexo VI: Estudo Acústico) co obxecto de determinar os niveles de ruído ambiental existentes na zona de estudo no momento actual en 4 puntos de control: punto 1 – núcleo de Sarceada; punto 2 – núcleo urbano de O Curro; punto 3 - Núcleo Urbano de Caldoval e punto 4 - Núcleo Urbano de Vilar de Frades.

Sinalar que no apartado 5.4.4. (páxina 205 do EIA) as distancias dos núcleos de poboación aos aeroxeradores máis próximos son: Sarceada a 1261.12 m, O Curro a 1487.89 m, Caldoval a 2298.55 m e Vilar de Frades a 1528.41 m.

Faise unha estimación teórica na xeración de ruído no escenario máis desfavorable posible, utilizando un Sistema de Información Geográfica baseado en software ARGIS e software de cartografado acústico.

Realiza a simulación acústica tomando como referencia 9 puntos situados no núcleo de Sarceada (situado a 1500 m aproximadamente do parque), debido a que o considera como zona máis sensible por atoparse máis próximo ao parque eólico.

Cabe mencionar, a comprobación de edificacións máis próximas aos aeroxeradores do parque (apartado 5.4.4. da páxina 205 do EIA) situadas nos núcleos Saa (682.58 m), San Pedro (845.28 m), Casar (910.14 m), Todón (924.30 m), Cadoalla (976.86 m), Ouselle (1049.74 m) e Carballín (1119.57 m), non presentándose valoración acústica ao respecto dos mesmos.

En canto aos valores resultantes, tendo en conta o ruído xerado polos aeroxeradores e o ruído de fondo, realiza unha comparativa tendo en conta "niveis previstos" actuais no núcleo de Sarceada, en lugar dos valores medidos para o estudo preoperacional nas poboacións máis próximas ao parque eólico. Conclúe que os niveis avaliados cumpren os limiares establecidos na lexislación.

Refire que non é necesario aplicar medidas correctoras e propón a realización dunha campaña de medidas "in situ" que verifique o cumprimento dos valores límite de inmisión admisibles, unha vez se atope o parque eólico en funcionamento. En canto as sinerxias con outros parques eólicos na contorna indícase que a mínima distancia é de



1.6 km con respecto ao parque Chao do Marco. Non presenta estudo dos efectos acumulativos e/ou sinérxicos cos elementos doutros proxectos.

Considera que o efecto non é significativo debido á distancia existente entre ambos parques.

Tendo en conta a distancia existente entre ambos parques, dende esta dirección xeral entendemos que a poboación non se verá afectada, polo que non consideramos necesario solicitar un estudo dos efectos acumulativos e/ou sinérxicos, non obstante, recomendamos realizar un seguimento no plan de vixilancia ambiental, dos niveis sonoros rexistrados nas poboacións existentes na área de acción de intersección dos dous parques eólicos.

Os criterios empregados para os cálculos teóricos e do modelado dos niveis de ruído, así como aqueles a considerar en relación aos criterios normativos nas medicións de control a incluír no programa de vixilancia ambiental, son ámbito de competencia dos organismos con atribucións en materia de contaminación acústica.

3.1.4 Campos electromagnéticos

O Parque eólico Serra do Furco atópase composto principalmente de:

- Sete aeroxeradores, cinco de 6.0 MW e dous de 5.0 MW de potencia nominal unitaria, con 115 m de altura de buxe e 170 m de diámetro de rotor.
- Sete centros de transformación integrados no interior de cada un dos aeroxeradores, con potencia unitaria de 6.500 kVA e relación de transformación 0,69/30 kV, co seu correspondente equipamento de manobra, protección e demais elementos auxiliares.
- Rede eléctrica soterrada para a evacuación de enerxía a 30 kV, de interconexión entre as turbinas dos aeroxeradores e a subestación transformadora 30/220 kV, composta por conductores tipo RH5Z1 18/30 kV e seccións de 95, 240, 400 y 630 mm² de aluminio. Na gabiá da línea colectora tamén se colocarán os cables de terras e os de fibra óptica para comunicacións.
- Estación anemométrica do parque eólico equipada cunha torre auto soportada de 118 m de altura.



- Subestación eléctrica 30/220 kV do PE Serra do Furco recibirá a enerxía xerada do parque, dimensiónase físicamente para que no futuro poida ser ampliable e servir para evacuar a potencia doutros parques eólicos. Esta parte estará composta por un edificio de control, un edificio de celas e un edificio de residuos, un transformador principal 30/220 kV de 42 MVA e un transformador de servizos auxiliares cos correspondentes equipamentos de control, seccionamento, maniobra, medida e protección.

Indícase que a subestación transformará a enerxía do Parque Eólico "Serra do Furco" para posteriormente evacuala a través dunha liña de Alta Tensión en 220 kV, obxecto de outro proxecto.

Indícase que no deseño das instalacións se adoptarán as medidas adecuadas para minimizar os campos electromagnéticos creados pola circulación de corrente a 50 Hz. No referente aos campos electromagnéticos, fan referencia aos limiares indicados do Real Decreto 1066/2001, do 28 de setembro, polo que se aproba o Regulamento que establece condicións de protección do dominio público radioeléctrico, restricións ás emisións radioeléctricas e medidas de protección sanitaria fronte a emisións radioeléctricas. De acordo ás recomendacións europeas sitúase o límite de 5 kV/m e 100 μ T respectivamente, en zonas onde os cidadáns pasen un lapso de tempo significativo.

Non presenta estudo, estimación ou cálculo de valores referentes a campos electromagnéticos das instalacións integrantes do parque eólico e a súa posible repercusión con respecto a poboación, atendendo a referencia dos limiares indicados no R.D. 1066/2001, do 28 de setembro, polo que se aproba o Regulamento que establece condicións de protección do dominio público radioeléctrico restricións ás emisións radioeléctricas e medidas de protección sanitaria fronte a emisións radioeléctricas.

Non se indica o cumprimento tanto das turbinas como do equipo relacionado con respecto ao establecido na Directiva 2014/30/EU en materia de compatibilidade electromagnética.



3.1.5 Parpadeo de sombras (Shadow Flicker)

Para valorar a zona de influencia do efecto do parpadeo de sombras débese ter en conta un área de estudo arredor das turbinas eólicas, correspondente á aplicación do criterio de multiplicar por 10 o diámetro do rotor das mesmas, que para o presente parque eólico resulta unha distancia de 1700 m, dado que existen poboacións nesa contorna.

Dentro das medidas correctoras debese recoller entre outras a programación de parada técnica temporal, para asegurar a ausencia de efectos negativos sobre a saúde da poboación.

Importante sinalar que esta dirección toma como referencia os seguintes limiares:

- Caso peor. Límite máximo 30 h/ano
- Caso real. Límite máximo 8 h/ano

tal como se recolle na nosa páxina web:

https://www.sergas.es/Saude-publica/Documents/6777/Alcance_PE_Galego.pdf

No Anexo X presentase unha análise da afección por parpadeo de sombras (Shadow flicker), empregándose a función SHADOW do módulo ENVIRONMENTAL do programa WindPRO. Calcúlase a distancia desde a base dos aerogeneradores ata a edificación máis cercana de cada núcleo poboacional.

En total, identifícanse 73 receptores dos cales 66 superan o limiar de 30 horas anuais no peor caso posible. No caso real, indican que ningún receptor verase exposto a unha incidencia superior aos limiares de 30 horas anuais.

Non obstante, non presenta os resultados numéricos proporcionados pola ferramenta SHADOW do programa de simulación WindPRO no caso realestadístico co obxecto de comprobar que os potenciais receptores non superan o limiar de 8 horas anuais, indicando de ser o caso de superación as posibles medidas protectoras, correctoras ou



compensatorias a acometer e o establecemento do seguimento en fase operativa no programa de vixilancia e seguimento ambiental.

Non se avalía o posible efecto sinérxico sobre os receptores da contorna do parque, en relación con outros parques próximos instalados ou en execución.

3.2 Augas

3.2.1 Augas de consumo

Indícase que o abastecemento de auga no edificio de operación se realizará a través dun depósito de auga potable ubicado no exterior e provisto dun pequeno grupo de presión. A produción de auga quente realizarase mediante un termo eléctrico ubicado no vestuario.

De dispoñer de auga de consumo nalguna das fases do proxecto, terase en conta o establecido polo Real Decreto 140/2003, do 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios de calidade de augas de consumo.

Dende esta Dirección Xeral, compróbase que no existen na contorna do proxecto captacións de auga para abastecemento en vixilancia sanitaria pola Consellería de Sanidade, incluídas nas bases de datos do Sistema de Información Nacional de Augas de Consumo (SINAC).

3.2.2 Augas superficiais e subterráneas

Indicase que dentro do polígono do parque atópase unha zona de extracción de auga subterránea para abastecemento, co código de identificación O1160475. Parte das infraestruturas do proxecto atópanse localizadas nas masas de auga subterránea denominadas "Cuenca Alta del Miño" (código masa: ES010MSBT011.001) e "Cabecera del Navia" (012.020), estando catalogado o estado químico das masas de auga subterránea como "bo".

O polígono do parque incorpora pequenas canles de clase 4. O canle principal máis preto é o "Río Neira I" (ES010MSPFES393MAR000240), a 2,75 km ao NO do aeroxerador SF01. Entre as actividades de obra susceptibles de producir alteración da calidade das augas, estas son o aporte de sólidos en suspensión ou formigóns e o vertido de



aceites. Consideran isto como un impacto pouco previsible pero relaciona medidas preventivas e correctoras.

Calquera actuación que afecte ao dominio público hidráulico, precisará ser autorizada polo organismo de bacía competente, debéndose garantir a compatibilidade do proxecto cos usos preexistentes.

Deberán extremarse as precaucións nas inmediacións das masas de augas e redes de drenaxe, para evitar vertidos de contaminantes e sedimentos ás mesmas.

Refiren a disposición dunha rede de drenaxe e en fase de explotación efectuarase un plan de seguimento da mesma, de maneira que cumpra o seu cometido así como que os drenaxes serán prefabricados, de formigón ou PVC e reforzaranse con formigón para evitar o seu deterioro co paso de vehículos pesados.

3.2.3 Augas residuais/vertidos

a) Augas residuais sanitarias. As augas sanitarias dos traballadores trataranse adecuadamente para non poñer en risco a calidade das masas de auga próximas. Para elo, disporase de fosa séptica ou baño químico tanto en fase de construción como de explotación. Xestionaranse as augas negras periodicamente con xestor autorizado.

b) Augas pluviais: a recollida de augas pluviais efectuarase por medio de colectores formados por cunetas e tuberías de cemento de distintos diámetros. Aos colectores conduciranse todas as augas pluviais, así como as procedentes das canalizacións de cables.

c) Vertidos de zona de almacenamento e instalacións de obra. Indican que os residuos de aceites, combustibles, cementos e outros sólidos xerados durante calquera fase ou proceso da obra, non serán en ningún caso vertidos nin ao terreo nin a cursos de auga e a súa xestión estará de acordo coa normativa aplicable en cada caso (residuos sólidos urbanos, residuos tóxicos e perigosos, residuos inertes, etc.), fixándose as pautas no correspondente Plan de Xestión de Residuos segundo a lexislación vixente. No Programa de Vixilancia Ambiental establécese un protocolo de control de vertidos.



d) Vertidos procedentes de transformadores. Refiren que o transformador de potencia da subestación realizárase en cimentación tipo bancada. Para recoller posibles fugas de aceite illante, proxéctase un depósito de formigón soterrado que estará unido a bancada soporte mediante canalizacións.

3.3 Chan

Refiren medidas protectoras e correctoras nas distintas fases do proxecto, para minimizar a afección ao mesmo e para evitar posibles vertidos de materias contaminantes, referindo un seguimento de vixilancia ambiental.

3.3.1 Residuos perigosos e non perigosos

Indican que a xestión de residuos realizárase segundo o establecido na lexislación vixente e identifícase a xeración de residuos perigosos e non perigosos durante as fases de proxecto (de acordo ao código LER). Inclúese unha relación de residuos perigosos e non perigosos de probable xeración durante ditas fases, así como unha estimación da cantidade xerada.

Refire medidas preventivas como a formación dos traballadores e un programa de vixilancia ambiental, tanto na fase de obra como en explotación.

Indícase que se construíra un edificio de residuos, para o almacenamento dos residuos xerados durante a operación das instalacións e habilitárase un almacén temporal de residuos perigosos.

Refiren que para os residuos xerados separáranse e almacenáranse adecuadamente segundo indica a lexislación aplicable en colectores adecuados aos tipos de residuos que se produzan e debidamente sinalizados.

No caso dos residuos perigosos, realizárase sobre unha superficie impermeabiliza e con estruturas que sexan capaces de conter un posible vertido accidental dos residuos. Os residuos xerados retiráranse por xestor autorizado.

Destaca como residuos perigosos: absorbentes, envases contaminados, aceites hidráulicos, filtros, pilas...

3.3.2 Uso de produtos perigosos



Dentro de outros posibles tipos de produtos perigosos que puideran ser empregados, se menciona o uso de herbicidas. Non se refire que se no caso do uso de herbicidas, se cumprirá a normativa vixente referente a comercialización e emprego dos mesmos.

Indicar que se debe dispoñer das fichas de datos de seguridade de todos os materiais perigosos empregados, de maneira que se coñezan e apliquen as especificacións establecidas referentes á manipulación, almacenamento, protección, eliminación, etc.

Deberán cumprir as obrigas e medidas de xestión establecidas polos organismos competentes en relación aos tipos de residuos e produtos perigosos asociados ás instalacións.

3.4 Axentes biolóxicos

3.4.1 Lexionella.

No caso de dispoñer de sistema de auga quente sanitaria, deberán cumprirse os requisitos establecidos no Real decreto 865/2003, de 4 de xullo, polo que se establecen os criterios hixiénico-sanitarios para a prevención e o control da lexionelose, así como no caso de emprego de sistemas de extinción de incendios que supoñan a existencia de aerosolización.

3.4.2 Pragas e vectores

No caso de que as instalacións ou actividades a desenvolver durante a fase de obra ou explotación sexan susceptibles de verse afectadas por pragas ou vectores, deberá dispoñer dun sistema integral de control específico.

CONCLUSIÓN

Sen prexuízo do cumprimento das consideracións recollidas en cada un dos epígrafes do apartado de avaliación de este informe e das competencias atribuídas a outros departamentos e organismos na materia, logo da análise da documentación achegada en relación o estudo de impacto ambiental do parque eólico Serra do Furco, e tras a valoración dos aspectos relativos á saúde ambiental infórmase como **favorable condicionado** á presentación, con carácter previo ao inicio das obras, da documentación e información dos aspectos que se relacionan a continuación:





- Deberá aportar as recomendacións ou medidas de xestión que se contemplan nos estándares internacionais ao respecto do emprego do hexafluoruro de xofre (SF_6), de xeito que se eviten ou minimicen as súas emisións, en especial, na carga e descarga dos equipos que o empregan.
- Deberá ter en conta os niveis estimados debido ao funcionamento dos aeroxeradores e ao ruído de fondo da zona, medido "in situ" en estudo preoperacional, nos núcleos poboacionais máis próximos aos aeroxeradores (para máis información véxase apartado 3.1.3).
- Deberá aportar estudo de valores referentes a campos electromagnéticos e a súa posible repercusión con respecto a poboación.
- Con respecto ao efecto do parpadeo de sombras, deberá aportar os datos no caso real-estadístico (para máis información véxase apartado 3.1.5) e a aplicación de posibles medidas protectoras, correctoras ou compensatorias no caso de superar o limiar aceptable establecido, así como un estudo dos posibles efectos sinérxicos con parques eólicos próximos.

No caso de que a documentación e información relativa aos citados aspectos non se presentase no prazo indicado ou, presentada en prazo, non resultase abonda ou adecuada para a acreditación dos mesmos, entenderase que o estudo non cumpre cos requisitos desde o punto de vista sanitario.

Santiago de Compostela, na data e hora da sinatura dixital

O xefe do Servizo de Sanidade Ambiental A subdirectora xeral de Programas de
Control de Riscos Ambientais para a Saúde

Manuel Álvarez Cortiñas

Inés Mato Naveira

